

Segundo.-Adxudicar destino, no posto de traballo que se indica, á funcionaria que se relaciona no anexo desta orde.

Terceiro.-O cesamento no actual destino da funcionaria que obteña praza producirase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo de toma de posesión da praza adxudicada será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente a funcionaria preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e tal como dispón a base sétima da convocatoria.

O cómputo do prazo de posesión iníciarase cando remate o permiso ou licenza que, se é o caso, lle fose concedido á interesada. No suposto de baixa temporal ou transitoria, iníciarase a partir da correspondente alta.

Cuarto.-A xefatura do centro en que cause baixa a funcionaria, así como a daquel en que obteña destino, consignarán no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión, das cales se dará traslado á Dirección Xeral da Función Pública.

Quinto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, a interesada poderá interpor potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2008.

Manuel Vázquez Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

ANEXO

Apelidos e nome: Vigo Álvarez, M^a Elena.

N.R.P: 3331013446A1146.

Grupo: C2.

Corpo/escala: auxiliar da Administración do Estado.

Denominación posto: secretario/a do delegado.

Código do posto: MAC991000027001001.

Centro directivo: Delegación Provincial de Lugo.

Localidade: Lugo.

Nivel complemento de destino: 18.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 14 de outubro de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se publican os prazos posesorios do concurso de traslados para a provisión de prazas de diversas categorías do Servizo Galego de Saúde convocado por Resolución do 20 de xuño de 2007.

De conformidade co previsto na base oitava da Resolución do 20 de xuño de 2007 (DOG nº 125, do 29 de xuño) e do 20 de decembro de 2007 (DOG nº 4, do 7 de xaneiro de 2008) pola que se convoca concurso de traslados para a provisión de prazas de diversas categorías do Servizo Galego de Saúde, publicadas con anterioridade no *Diario Oficial de Galicia* as oportunas resolucións definitivas deste concurso de traslados, este centro directivo

ACORDA:

Primeiro.-Facer público que a partir deste mesmo día da publicación desta resolución comezarán a contarse os prazos posesorios para que os organismos afectados efectúen as actuacións administrativas procedentes do concurso de traslados para a provisión de prazas pertencentes ás categorías de médico de familia de atención primaria e pediatra de atención primaria do Servizo Galego de Saúde, resolto definitivamente pola resolución da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do 6 de maio de 2008 (DOG nº 93, do 15 de maio) e do 16 de abril de 2008 (DOG nº 82, do 29 de abril).

Segundo.-De conformidade co establecido na base oitava da convocatoria, os concursantes que obteñan praza deberán cesar na que, se é o caso, desempeñan dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique a resolución definitiva.

A toma de posesión da nova praza deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e a adxudicada son da mesma área de saúde; no prazo de quince días hábiles se as prazas son de distinta área de saúde dentro do Servizo Galego de Saúde ou no prazo dun mes se a praza desempeñada corresponde a outro servizo de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos. Non disporán de ningún dos prazos posesorios sinalados aqueles adxudicatarios de praza no concurso que xa viñesen ocupando praza no mesmo centro de destino ou localidade, en virtude de comisión de servizos ou reingreso provisional.

No caso de que a adxudicación da praza supoña o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución definitiva do concurso.

O prazo de cesamento iniciarase cando finalice o permiso ou licenza que, se é o caso, fose concedido ao/á interesado/a, agás que por causas xustificadas se acorde suspender o seu desfrute.

Se así o permiten as necesidades do servizo e por petición do interesado, o prazo de toma de posesión poderá ser prorrogado polo órgano convocante.

Cando un concursante non tome posesión da súa nova praza dentro do prazo ou, se é o caso, da prórroga que pola súa petición motivada se lle concedese, entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular como persoal estatutario, e será declarado en tal situación polo órgano convocante do concurso.

Non obstante o anterior, se existisen causas suficientemente xustificadas, así apreciadas, logo da audiencia do interesado, pola División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, poderase deixar sen efecto a devandita situación. Neste caso o/a interesado/a deberá incorporarse ao seu novo destino en canto desaparezan as causas que no seu momento o impediron.

Agás cando a resolución do concurso implique o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión e, se é o caso, a súa prórroga, terá a consideración de servizo activo, polo que se percibirán os correspondentes haberes conforme as normas establecidas na vixente orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas de persoal ao servizo da Administración autonómica.

A toma de posesión dos novos destinos adxudicados nesta resolución efectuarase de modo simultáneo á dos aspirantes que sexan seleccionados no proceso selectivo convocado polas resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 8 de agosto de 2006, do 19 e 22 de decembro de 2006 (DOG nº 156, do 14 de agosto; DOG nº 246, do 26 de decembro e DOG nº 247, do 27 de decembro).

Terceiro.-A publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* serviralles de notificación aos interesados.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2008.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos
e Desenvolvemento Profesional

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO TRES DE PONTEVEDRA

*Cédula de notificación de sentenza
(178/2008).*

Nos autos de divorcio número 187/2008 que se seguen no Xulgado de Primeira Instancia número 3 de Pontevedra ditouse a sentenza cuxo encabezamento e resolución din:

«Sentenza

En Pontevedra, o vinte e sete de xuño de dous mil oito.

Indalecio Conde González, maxistrado-xuíz de Primeira Instancia nº 3 de Pontevedra e o seu partido, vistos estes autos de divorcio contencioso 187/2008 seguidos ante este xulgado, entre as partes, dunha como demandante, Silvia Justo Fernández, representada pola procuradora dos tribunais María Concepción García Riestra e letrado Emilio Búa Ares, e doutra como demandado, Rubén Alejandro Serraino Zinki, sobre divorcio contencioso.

Decido que, estimando a demanda formulada pola procuradora dos tribunais María del Concepción García Riestras, en nome e representación de Silvia Justo Fernández contra Rubén Alejandro Serraino Zinki, debo declarar e declaro disolto, por divorcio, o matrimonio de ambos os cónxuxes, sen facer expresa imposición das custas.

Firme esta resolución, expídase exhorto ao encargado do Rexistro Civil de Cotobade, ao cal se remitirá testemuño con nota de firmeza para que proceda á inscrición na marxe da de matrimonio.

Contra esta resolución procede o recurso de apelación que se interporá por escrito ante este xulgado no termo do quinto día.

Así por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoos e asínoo».

E, dado o ignorado paradoiro do demandado Rubén Alejandro Serraino Zinki, conforme o establecido no artigo 497.2º da LAC, expídese esta cédula para a súa inserción no DOG e para que sirva de notificación ao citado demandado.

Pontevedra, 30 de setembro de 2008.

A secretaria
Rubricado